



Na Festa do Millo Corvo

Valentín Arias
Pregón 2005




Foto: Colón

A migas, amigos: saúde e paz. Albizaras, Galicia, pois florece a primavera da esperanza en Meiro. Veño desde Sarria, terra luguesa, bebendo os ventos con recendo a empanada de torresmos. Benia a quen nos dá ocasión de gorentar entrañables finezas.

Aló, onde eu fun nado, remudáronme aos catorce anos. Por obra dun grande mestre –Avelino Pousa Antelo– que lle abriu a porta da escola á lingua galega que usabamos arreo, aos cantos e os contos que rebuldaban nos nosos labios, que nos puxo escola entre os cultivos e o gando cos que boureabamos decote... de rapaciño alleado, acomplexado por labrego e por galego –velai a educación que nos deron–, dei en mocete liberado, co ollo posto en ser eu mesmo, non copia, imitación ou calco, orgulloso de nacer onde nacera: nin punto máis nin coma menos ca quen abrise os ollos noutra cultura e noutra terra, próximas ou afastadas, ricas ou pobres, sonadas ou ignoradas, cativas ou extensas. E pois, andadas catro ducias de anos, teño para min que aquilo foi, con moito, o melloriño que me puido acontecer.

Por isto, entendo, comprendo, admiro e aplaudo co maior entusiasmo este labor –extraordinario, senlleiro– que se está a realizar na aldea de Meiro e a bisbarra. Revivir o pasado que a un lle é propio (e máis aínda revivilo do xeito lúdico, participativo, didáctico e iluminador, como é que se fai aquí) ten por forza que ser unha regalía para a xente do sitio, que non poderá por menos de sentirse feliz e verá de resultas reforzada, afianzada, a súa autoestima. É un soberbio galano para os de fóra, aos que nos abala e incita a ensaiarmos vías de autorrealización parellas. Parabéns, emocionado e agradecido, á Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro. Parabéns de irmán, solidario, a cantas persoas apeitan con semellante, frutífero e estimulante traballo.

Compañeiros, tocounos vivir tempos como nunca foron. Gobernados ao lonxe por quen descoñece os sentimentos. É o imperio dos números: 3 mellor ca 2, e brinca ao 5 por máis que esma-

gues o 4. ¿El que pintan as persoas no lerio? O único que aquí conta de certo é a conta de resultados. Millos transxénicos, aínda que rebentemos os humanos. Enguedelládevos no argadelo e dispárense os beneficios. ¿Que diría, se alentase, na Misión Biolóxica, don Cruz Gallástegui? ¿Que pensará o amigo Xosé Luís Blanco, creador onda nós dos dobre híbridos de talo azucrado? Investigar para que a xente viva mellor vaise convertendo, pola forza dos feitos, coma quen di en obtusa antigalla. Investígase para multiplicar o diñeiro (quen paga, manda). Todos monifates, a mercé do furacán, que produce o omnipotente, desalmado, señor deus Don Capital.

E vós, coitados aldeáns de Meiro –¿onde fica iso?– engaiolados na aventura do millo corvo. Labrar, sementar, cavar, dispor, regar, cortar, empalleirar, desnocar, esfollar, secar, debullar e moer –¿de que especie se trata?–. Despois amasar, cocer, enfornar; facer bola de porta aberta, bola de Noiteboa, bola do lar, bola do pote, empanada de torresmos, papas de óleo, pan con pasas, bailarinas, chourizas de sangue, filloas de fariña milla, tortilla de pan reseso, afartacáns, bica, distintas tortas; co follaco xergóns, cestos e bonecos, engados para a pesca –¿u-la cota de mercado?–. E velaquí a festa do millo corvo. ¿A onde ides con tales miudallos? Por ver se reverdecen raíces que achegan zume de autenticidade. ¡Auténticos! ¡Diferentes! ¿Neste mundo factoría de monicreques fabricados, envasados e plastificados –vía televisión– en serie?

Pois si. Precisamente. Fronte á mundialización que lle din globalización das multinacionais xeradoras de uniformización que abafa, cultivo esforzado da propia identidade. Xusto o que –lúcida e consecuentemente– estades a facer, e facedes con sabedoría, os de Meiro e a bisbarra.

Dirán que vou de inxenuo ou son parvo quen se venden e nos venden por un prato de lentellas. ¡Malpocados eles! Vivir non é encher o bandullo. Seres pensantes, os humanos tendemos a autodeterminarnos. A decidir por nós.

Por isto non cadra que nos troquen en fato de pulchinelos. E velaquí xa que logo –insisto por telo claro– válida receita. Mesmo que pareza á contra do que a primeiro ver semelle, canto máis alto voes, máis necesitas poñer os pés na terra. Universalismo, decididamente; pero non en rabaño coma carneiros que bean. Podo e quero ser cidadán do mundo; mais non o serei, de non selo cumprido no terrón primeiro. E renegado sexas bosque que non deixas ver as árbores. Para recibir ou transmitir algunha sorte de información, pode servirnos unha lingua que saibamos máis ou menos. Para expresar os máis fondos pensamentos e comunicar os sentimentos máis íntimos, ningunha ha substituír á galega. Plurilingüismo, claro é; máis ben seguros na lingua materna. A cultura propia é a forma que temos de estar no mundo

Reitero e remato. Cae de caixón que nos afirmemos na propia identidade. Procurando a consistencia nos alicerces. Non para retroceder mecanicamente ao que o pasado foi. Trátase de poñer en obra os materiais que son de noso. Configurándonos propiamente: para construír o presente e encarar o futuro.

Espáleo a xeitosa Lingua do corvo: afirmación da personalidade propia, cimentada no fogar primixenio, versus magma informe da despersonalización que desasemella. É antídoto de frustracións a que pseudo universalismos conducen. É arma para defenderse da imposta mundialización, dita globalización, das multinacionais, que envilece.

Velaquí, amigos e amigas, por qué servidor entende –felicítandovos e felicitándose– que florece a primavera da esperanza en Meiro. Retumbe no mundo esta que vén sendo gloriosa xeira.